



EOI de VIGO

**Coordinación do Equipo das
Tecnoloxías da Información e da
Comunicación**

MOODLE

Instrucións para restaurar un curso

Alicia Gil


Curso 2019-2020

INTRODUCCIÓN

Con estas instrucións, podedes restaurar un curso de Moodle de forma moi sinxela. “Restaurar” é usar un curso do que previamente se fixo unha copia de seguranza. Neste caso, vamos restaurar o curso modelo que foi provisto no curso para metaformadores do CAFI no curso que xa creamos.


PASO 1

Descargade no voso computador a copia de seguranza de metaformadores que está na “Zona de descarga” da “Mediateca” do noso curso.




PASO 2

Ide ao curso creado e clicade en restaurar na columna dereita en “Administración do curso” no bloque “Administración”.




PASO 3

Aparece a páxina “Importar un ficheiro de copia de seguraza”, onde tedes que subir o arquivo descargado, clicando en “Escolla un ficheiro”.




PASO 4

Aparece unha nova xanela e aquí hai que clicar en “Seleccionar arquivo” para acceder ao voso ordenador. Se non aparece o botón de “Seleccionar arquivo”, clicar en “Enviar un ficheiro” e vai aparecer.




PASO 5

Aparece a xanela de acceso ao arquivo no voso computador e hai que elixilo e clicar en “Abrir”.




PASO 6

Volvemos á xanela anterior, pero agora di o nome do arquivo que foi seleccionado. Só queda clicar en “Enviar ese ficheiro”.




PASO 7

Volve á páxina “Importar un ficheiro de copia de seguranza” e agora só queda premer en “Restaurar”.




PASO 8

Aparece a páxina “Confirmar” a restauración, onde se ve que hai sete pasos, e neste primeiro, hai que ir abaixo de todo para premer o botón “Continuar”. O segundo paso “Destino” é o máis delicado e hai que deterse.




PASO 9

Como dixemos, aquí hai que deterse un pouco para pensar onde restaurar este curso. Das tres opcións, hai que ter especial coidado coa última porque pódese eliminar algún curso. A primeira opción é facer un curso novo, pero como este curso foi creado para recibir a restauración, prémese “Continuar” na segunda opción “Restaurar neste curso”.




PASO 10

Vanse premendo os botóns de “Seguinte” ao pé de cada páxina, e cando se chega ao paso cinco, prémese o botón “Executar a restauración”.




PASO 11

No paso seis “Proceso”, hai que esperar un momento ata que se carga o curso restaurado.




PASO 12

No sétimo e último paso, aparece un cartel verde que anuncia a restauración satisfactoria e hai que premer “Continuar” para ver o curso restaurado.



PASO 13

Aparece a configuración de curso proposta no curso para metaformadores do CAFI, que é a mesma que posiblemente xa vistes no modelo de curso virtual que abrimos debaixo do noso curso.



The screenshot shows the Moodle course configuration page for 'Curso Básico B1'. The browser address bar indicates the URL: educxunta.gal/centros/eoivigo/aulavirtual2/course/view.php?id=95&sesskey=OJKJAHMW6D. The page is titled 'Curso Básico B1' and shows the user is logged in as 'Alicia Gil (Baf)'. The left sidebar contains a 'Navegación' menu with links to 'Páxina principal', 'A miña área persoal', 'Páxinas do sitio', 'Meu perfil', 'Curso actual', and 'Os meus cursos'. The 'Curso actual' section is expanded, showing 'CB-B1' with sub-links for 'Participantes', 'Insignias', 'Título do CV', 'Mediateca', 'Presentación', 'Tema / Semana 1ª', 'Tema / Semana 2ª', and 'Tema / Semana ...n'. The 'Administración' menu is also visible, with options like 'Activar edición', 'Editar a configuración', 'Usuarios', 'Filtros', 'Informes', 'Calificacións', and 'Insignias'. The main content area has a 'Título do CV' section with a text input field and a 'Mediateca' section with a 'Zona de descargas' and 'Arquivos para baixar'. The 'Presentación' section is at the bottom.

Atribución: Alicia Gil - EOI VIGO. [CC BY-NC-SA 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).